

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
11 xuño 2017 Trindade

Deus Trindade, o mellor quita-tensións.
Coñéceo, quéreo, rézalle.

1. VER: Non o vemos pero está

- A profesora pregunta: *Como sabemos que Deus existe se ninguén o viu?* Todos quedaron calados. Para os nenos é evidente que o que non se ve ou se toca non existe. Asa que un pequeno levantou a man e timidamente respondeu: *“Señorita. Deus é como o azucre. Miñas nai díxome que DEUS é COMO o AZUCRE no meu leite que ela prepara todas as mañá. Eu non vexo o azucre que está dentro da cunca no medio do leite, pero se ela non llo bota, quedasen sabor. Deus é o que pon sabor na miña vida”.*

*Que che parece a definición de Deus que dá o neno?
Ti como o dirías?*

- Hai quen necesita quitar-tensións, pero quen pode enchernos de paz?

2. XULGAR: Deus Trindade dános a Paz

- No evanxeo de hoxe, festa da Santísima Trindade, Xesús dinos que *“tanto amou Deus o mundo que entregou o seu Fillo único para que nos salve”.* O libro do Éxodo dinos que *“Deus é compasivo e misericordioso”.*

QUE NOS QUERE DICIR?

- 1.- Deus é Trindade: -Deus é tres: Pai, Fillo e Espírito Santo.
 - Deus é familia: varias persoas pero unidas, formando unha comunidade. -Deus é relación profunda.

2.- **Deus é Amor:** é amor profundo entre as tres persoas e é amor e perdón constante connosco porque “é *compasivo e misericordioso*”. Pero ás veces non coñecemos a Deus ou facémonos unha idea falsa del e non cremos.

3.- **Non crer en Deus é perdernos moito, o seu amor enriquecéenos:** Deus é **misterio** e só o coñeceremos totalmente no ceo. Pero Deus é o **noso Pai** que nos deu a vida e nos quere como a Xesús. Deus nos regalounos o Espírito Santo que é o **bico** que Deus deixa cada día no noso corazón. Deus acompáñanos cada día, énchenos de **luz e de paz**, perdóanos e sálvanos. **Está aí sempre.**

Que é Deus para ti? Como te relacionas con el?

3. ACTUAR: Coñéceo, quéreo, rézalle.

- **Descobre a Deus** como “o azucre” que vai poñendo sabor na túa vida: dáche paz, compañía, forza, luz ... o mellor “spinner” quita tensión.
- Rézalle a Deus que tanto te quere: Polo sinal, Gloria ao Padre, Credo, Gloria ...
- **Escribide unha carta** invitando a un neno que no cre a ter fe e explicándolle as túas razóns. -**E ás nais, catequistas, falémoslles** aos fillos do Deus que dá sentido e sabor á nosa vida ...

Que estás disposto/a a facer? E o teu grupo?

11-xuño-2017 - Stma. Trindade - A

LECTURAS

ÉXODO 34, 4b-6. 8-9: *Señor, Deus compasivo e misericordioso.*

Naqueles días, Moisés madrugou e subiu á montaña do Sinaí, como lle mandou o Señor, levando na man as dúas táboas de pedra. O Señor baixou na nube e quedou con el alí, e Moisés pronunciou o nome do Señor. O Señor pasou ante el proclamando: «*Señor, Señor, Deus compasivo e misericordioso, lento á ira e rico en clemencia e lealdade*». Moisés ao momento inclinouse e prostrouse en terra. E díxolle: «*Se obtiven o teu favor, que o meu Señor vaia connosco, aínda que é un pobo de dura cerviz; perdoo as nosas culpas e pecados e tómanos como herdade túa*». Palabra do Señor.

SALMO Dn. 3, 52-56: R/. *A ti gloria e loanza polos séculos.*

2ª CORINTIOS 13, 11-13: *A graza de Xesucristo, o amor de Deus e a comunión do Espírito Santo vos acompañen a todos.*

JUAN 3,16-18: *Deus enviou o seu Fillo para que o mundo se salve por el.*

Narrador: Naquel tempo díxolles Xesús:

Xesús: -«**Tanto amou Deus o mundo**, que entregou o seu Unixénito, para que todo o que cre nel non pereza, senón que teña vida eterna. Porque Deus non enviou o seu Fillo ao mundo para xulgar o mundo, senón para que o mundo se salve por el. O que cre nel non será xulgado; o que non cre xa está xulgado, porque non creu no nome do Unixénito de Deus».

Palabra do Señor.

(Narrador - Xesús).